

Resolución do 24 de xuño de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca a “VI CiberLiga 2024/25 modalidade preamateur” dirixida a centros educativos de Galicia no curso 2024/25.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación na redacción dada pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, establece como obxectivo da educación primaria e da educación secundaria o desenvolvemento das competencias tecnolóxicas para a aprendizaxe do alumnado e o seu emprego como fonte de información para adquirir novos coñecementos con espírito crítico, sempre desde unha perspectiva de reflexión ética sobre o seu funcionamento e utilización.

Na mesma liña, o Decreto 156/2022 do 15 de setembro polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia recolle no artigo 37 que a consellería con competencias en materia de educación e os equipos directivos dos centros docentes promoverán o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula como medio didáctico apropiado e valioso para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe. No devandito currículo, unha das competencias transversais que deben adquirir os alumnos e alumnas que terminan a ESO é a Competencia dixital que implica o uso seguro, saudable, sostible, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas. Inclúe a alfabetización en información e datos, a comunicación e a colaboración, a educación mediática, a creación de contidos dixitais (incluída a programación), a seguridade (incluído o benestar dixital e as competencias relacionadas coa ciberseguridade), asuntos relacionados coa cidadanía dixital, a privacidade, a propiedade intelectual, a resolución de problemas e o pensamento computacional e crítico.

Neste sentido, a Estratexia Dixital 2030 recolle que desde o ámbito educativo apostarase pola innovación e novos modelos de educación dixital que preparen aos estudantes para adaptarse aos desafíos que os esperan no ámbito educativo, persoal ou profesional, poñendo á súa disposición os recursos adecuados para propiciar unha aprendizaxe máis dinámica, personalizado, colaborativo e creativo; combinando o desenvolvemento das súas destrezas tecnolóxicas coa súa capacidade social e cooperativa a través da aplicación de novas tendencias dixitais. Así mesmo, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, consciente da necesidade de educar integramente á comunidade educativa para o exercicio dunha cidadanía dixital, ética, segura e responsable, recolle na Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025 actuacións específicas cara a unha convivencia dixital responsable. Un dos grandes retos propostos nesta estratexia é o de avanzar en consonancia coa transformación dixital e cos espazos emerxentes de convivencia e relación social. Resulta preciso formar persoas con competencias para iniciar relacións



sas en contornas dixitais (ciberconvivencia) e para exercer de forma responsable e crítica a cidadanía dixital.

En liña coa anterior, resulta importante destacar que unha adecuada formación da cidadanía en materia de competencias dixitais, representa unha necesidade compartida entre a totalidade das administracións públicas e as organizacións do sector privado. Polo tanto, resulta necesario que entre todos estes actores se desenvolva un esforzo coordinado, co fin de alcanzar o obxectivo de común de lograr unha sociedade máis cibersegura. Entre os referidos actores, máis concretamente entre os pertencentes ao Sector Público, atópase a Garda Civil con cuxa Dirección Xeral a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia asinou un acordo baixo o título: "Protocolo Xeral de actuación entre a Dirección Xeral da Garda Civil e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia para a coordinación e ou impulso de actividades formativas en materia de ciberseguridade" no que se recolle o desenvolvemento de varias accións de formación e información dentro do campo da ciberseguridade dentro das cales se destaca a CIBERLIGA.

De acordo con o anteriormente exposto, esta Dirección Xeral

RESOLVE:

Apartado 1.- Obxecto

Regular a participación dos centros educativos de Galicia na **VI CIBERLIGA da Garda Civil, concretamente na súa modalidade preamateur**, que se desenvolverá no primeiro e segundo trimestre do curso 2024-25.

Apartado 2.- Obxectivos

1. Impulsar a difusión da cultura de ciberseguridade, como principal ferramenta para lograr unha contorna dixital segura para a cidadanía.
2. Concienciar ao alumnado en materia de ciberseguridade desde un enfoque real e práctico, mediante a posta en marcha dun proceso de gamificación, onde os participantes terán a oportunidade de aprender ciberseguridade xogando de maneira práctica e divertida.
3. Contribuír ao desenvolvemento da Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025 promovendo unha actuación adecuada do alumnado en escenarios dixitais.



Apartado 3.- Destinatarios

Esta convocatoria vai dirixida ao alumnado de 4º de educación secundaria obrigatoria dos centros educativos de Galicia.

Apartado 4.- Planificación das actividades

1. Os centros deberán remitir a solicitude de participación segundo o Anexo I. Unha vez admitidos, recibirán a ligazón e as bases de participación para que o docente coordinador inscriba o número de grupos de alumnos/as interesados do centro, sendo desexable contar a maior participación posible, posto que o obxectivo principal desta iniciativa é a concienciación, non sendo por tanto necesario contar cun nivel técnico determinado.
2. O centro que desexe participar deberá ter organizado ao alumnado en grupos de 4 persoas, aceptándose de maneira extraordinaria equipos de 3 ou 5 participantes para evitar que ningún alumno quede sen oportunidade de participar. Os diferentes equipos afrontarán un divertido reto onde poderán demostrar as súas habilidades. A participación na **VI CIBERLIGA modalidade preamateur**, organizarase do seguinte modo:

2.1.- Fase clasificatoria. Realizarase en liña e contará con dúas sesións de 60 minutos cada unha, a desenvolver entre os días 25 e 29 de novembro, con data e hora escollidas polo centro. A primeira delas será unha sesión formativa e, a continuación, unha segunda sesión práctica que consistirá no desenvolvemento dun ciber-reto, que constará de tres partes:

I.- Unha conferencia en liña de concienciación sobre o uso seguro e responsable das novas tecnoloxías que terá unha duración de 45 minutos.

II.- Unha exposición en liña de 20 minutos de duración sobre o procedemento do ciber-reto.

III.- A competición ou ciber-reto, que contará cunha duración máxima de 45 minutos.

As actividades dos puntos 1 e 2 poderanse dividir en varias sesións ao longo da semana, excepto o ciber-reto, que terá que ser nunha única sesión de 45 minutos. Os tres mellores equipos clasificados accederán á fase final e só poderá clasificarse un equipo por centro educativo.

2.2.- Fase final. A celebrar de maneira presencial (se non fose posible celebraríase en liña), nas instalacións da Academia de Oficiais e do Centro



Universitario da Garda Civil en Aranzue (Madrid) un día en horario de mañá na semana do 10 ao 14 de marzo. Nesta fase, á parte do ciber-reto final, terán lugar divertidas actividades formativas. Os gastos derivados de transporte, aloxamento e manutención serán financiados no marco deste programa.

Apartado 5.- Solicitudes e prazo de presentación

As solicitudes enviaranse á dirección de correo electrónico asesoria.participacioneducativa@edu.xunta.gal co seguinte asunto: "VI CIBERLIGA modalidade preamateur". Para formalizala, enviarase como arquivo adxunto o documento Anexo I desta resolución.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir da publicación desta convocatoria no portal educativo a través da seguinte ligazón: <https://www.edu.xunta.gal/portal/>.

Apartado 6.- Selección dos centros

Todos os centros que presenten a súa solicitude en tempo e forma serán admitidos.

Apartado 7.- Resolución

Unha vez finalizado o proceso de selección das solicitudes, farase pública a resolución no portal educativo desta consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>).

Contra esa resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Apartado 8.- Información básica sobre protección de datos de carácter persoal

Os datos persoais solicitados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos do cartafol do cidadán.



O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeralproteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas, organismos e/o entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dous distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo explicitase na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeneral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Santiago de Compostela, na data da firma dixital

Judith Fernández Novoa

Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

